



PROTOCOLO FISIOCOVID-DXT GALEGO ANEXO IV COMPETICIÓN VOLEI PRAIA

XUÑO 2021

Dado que a práctica do voleibol, pode implicar contacto físico ou que non se poida manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros entre os/as deportistas que o practican, deberán utilizar a máscara en todo momento.

PAUTAS XERAIS DE ACTUACION:

- E IMPORTANTE A utilización de máscaras autorizadas polas autoridades sanitarias e o máis axeitadas para o deporte.
- O deportista/staff deberá levar unha ou varias máscara de reposto.
- A entidade organizadora da actividade debería contar sempre con máscaras de reposto.
- Cada club deberá desenvolver un proceso formativo práctico básico sobre o uso da máscara na práctica deportiva (adestradores e staff) e incidir na correcta colocación da máscara durante as tarefas de adestramento e na competición.
- Realización diaria de autotest (temperatura, tos, fatiga..) por parte dos deportistas, staff técnico, auxiliares, etc. antes de dirixirse cara o lugar da práctica, que interactúen no adestramento/competición.
- Establecer grupos de competición de composición estables por cada un dos equipos/grupos .
- Toma de temperatura en cada competición dos deportistas, staff técnico, auxiliares, etc. que interactúen na competición.
- Regulación e control dos tempos de aproximación e contacto.
- Non se pode quitar a máscara durante a práctica na competición, excepto para repoñela, corrixi-la axeitadamente a súa colocación ou en tempos de pausa na zona e na forma que se determine, procurando que estas pausas sexan ao aire libre ou nun espazo axeitadamente ventilado, e sempre a máis de 1,5 metros dos demais.
- Na medida do posible, utilizar espazos ao aire libre e/ou coa mellor ventilación posible. Cando a actividade sexa en interiores, facilitaranse pausas de recuperación ao aire libre ou en zona axeitadamente ventilada, sen correntes de aire e mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros.

- Establecer medidas informativas de concienciación para deportistas, staff, etc. co obxecto de reducir o risco de contaxio na vida social (insistir en que se deben evitar aglomeracións, zonas con máis risco, incrementar medidas de protección en reunións familiares/sociais, etc...).
- Control exhaustivo da sintomatoloxía e posible transmisión a través do procedemento de comunicación do club/deportistas/staff/familias coas autoridades sanitarias segundo estableza este protocolo.
- No caso da competición, valorar adaptacións que diminúan ao máximo a exposición ao risco en canto a proximidade, intensidade, tempo, duración acumulada, pausas, densidade de persoas nas accións, etc

ANTES DA PRÁCTICA DEPORTIVA :

AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
STAFF E DEPORTISTA	Contaxio perso a a persoa ou por espazo de uso simultáneo	Os participantes comparten vehículo para acudir a actividade	<ul style="list-style-type: none"> – Uso da máscara. – Evitar compartir transporte con xente coa que non se convive. – Distanciamento máximo no caso de compartir transporte con persoas coas que non conviven. – Evitar o contacto físico e evitar tocar obxectos do vehículo na medida do posible. – Desinfección das partes do vehículo susceptibles de estar en contacto (cinturóns, manillas das portas, etc.)
STAFF	Contaxio por contacto perso a a persoa	Saúdo entre o adestrador e os participantes na actividade	<ul style="list-style-type: none"> – Toda a actividade, dende a saída da casa, débese facer coa máscara. – Recordatorio de distancia de seguridade. – Evitar saúdos con contacto físico.
STAFF E DEPORTISTA	Contaxio por contacto perso a a persoa e por vía aérea (espazos de uso simultáneo / secuencial).	Os participantes comprobán a súa temperatura antes de acceder ao espazo de práctica deportiva	<ul style="list-style-type: none"> – Medición de temperatura no acceso a instalación onde se celebre a competición.
STAFF E DEPORTISTA	Contaxio por contacto perso a a persoa e por vía aérea (espazos de	Os participantes da actividade (xogadores, técnicos e/ou outro persoal) acceden a instalación.	<ul style="list-style-type: none"> – Seguiranse as indicacións do titular da instalación. De forma xenérica, utilizarase a máscara, respectarase a distancia de seguridade e farase

ANTES DA PRÁCTICA DEPORTIVA :

	uso simultáneo / secuencial).		o lavado de mans a entrada e saída da instalación.
DEPORTISTA	Contaxio por contacto persoa a persoa	Cambio de roupa e preparación do material individual para levar a cabo a sesión.	<ul style="list-style-type: none"> - Lavado de mans antes do inicio da actividade. - Recordatorio da obrigación a distancia de seguridade. - Marcado de zonas para deixar a bolsa sen contacto entre bolsas.
DEPORTISTAS STAFF MONITORES ÁRBITROS	Contaxio por contacto persoa a persoa	Utilización de vestiarios para cambio de roupa.	<ul style="list-style-type: none"> - En primeiro lugar haberá que atender ao que estableza a normativa en vigor e o titular da instalación respecto ao seu uso. - No caso de non poder desinfectar e ventilar os vestiarios axeitadamente PROHÍBESE O SEU USO, polo que os/as participantes no adestramento deberán chegar debidamente uniformados/as da casa. - Unicamente estará permitida a súa utilización no caso de ser posible a desinfección entre a entrada e saída de persoas así como a ventilación continuada do espazo. - No caso de que así sexa, o uso do vestiario estará limitado ao aforo determinador pola normativa e a un número de persoas que permitan manter a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas e en todo caso. - Para cumprir axeitadamente esta premisa, organizaranse os quendas que sexan necesarios coa correspondente desinfección entre estes. - Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberá levarse á zona

ANTES DA PRÁCTICA DEPORTIVA :

			<p>designada tal e como se indica nos seguintes puntos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Se se usa o vestiario limitar o uso ao tempo mínimo necesario e estar con máscara en todo momento, salvo que sexa imprescindible ducharse. De ser necesario ducharse, quitar a máscara exclusivamente para entrar na ducha e colocala de novo tan pronto nos sequemos a cara e/ou cabeza. – Evitar falar, berrar, etc... no vestiario.
STAFF E DEPORTISTA	Contaxio por contacto persoa a persoa	Entrega de roupa de partido	<ul style="list-style-type: none"> – Prohibido o intercambio de petos, sudaderas ou roupa de partido entre xogadores/as. – De ser posible, entregar a roupa de partido a cada xogador/a de uso individual para toda a tempada
STAFF	<p>Contaxio por contacto persoa a persoa</p> <p>Contaxio por contacto de uso simultáneo / secuencial.</p>	Preparación do material preciso para levar a cabo a práctica da actividade (montaxe de rede, postes, liñas...)	<ul style="list-style-type: none"> – Definir persoa que realiza a tarefa con antelación o inicio da actividade. – Facelo de forma individual preferentemente. De ser preciso varias persoas, deben manter as distancias de seguridade e, usar máscara. – Desinfección do material utilizado seguindo as indicacións de sanidade antes do gardado ou do uso por parte do seguinte grupo. – Limpeza das mans unha vez rematada a tarefa de recollida.
STAFF E DEPORTISTA	Contaxio por vía aérea (espazos de uso simultáneo) e contacto persoa a persoa	Entrega bebidas ou avituallamento para a actividade	<ul style="list-style-type: none"> – O material que se entregan deben estar desinfectadas antes. Preferiblemente, serán os deportistas os que leven a súa propia botella da casa. – Definir un espazo previo sen que haxa contacto entre participantes e o material que se entrega.

ANTES DA PRÁCTICA DEPORTIVA :

			<ul style="list-style-type: none"> – Estipular previamente como será o reparto minimizando riscos por proximidade ou contacto. – Non está permitido a entrega en man de ningún tipo de avituallamento. – Marcar os envases co nome de cada persoa para evitar confusións
<p>STAFF DEPORTISTAS ÁRBITROS OUTROS ALLEOS</p>	<p>Contaxio por contacto persoa a persoa e por vía aérea (espazos de uso simultáneo / secuencial).</p>	<p>Os participantes da competición (xogadores, técnicos e/ou outro persoal) acceden a instalación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> – Control de acceso: soamente o persoal imprescindible pode acceder a área de competición. – Toda persoas ten que desinfectar as mans. – Os accesos deben ter sinalado o espazo e sentidos de entrada/saída. – Prensa, médicos, auxiliares... deben ter postos organizados para que non se crucen con persoal obrigatorio. – Débese organizar as quendas dos equipos para entrada/saída e evitar a acumulación de persoas.
<p>STAFF DEPORTISTAS ÁRBITROS</p>	<p>Contaxio por vía aérea (espazos de uso simultáneo/secuencial) e por persoa a persoa</p>	<p>Almacenaxe de mochilas</p>	<ul style="list-style-type: none"> – Habilitar unha zona específica para que os membros do equipo poidan deixar os seu equipamento persoal. – Esta zona debe ser privada e dun tamaño suficiente para poder separar o equipamento de maneira segura. Idealmente ó aire libre ou ben ventilada. – O acceso a esta zona debe ser limitado e controlado en todo momento polo persoal do club ó que se lle asigne esta función.

ANTES DA PRÁCTICA DEPORTIVA :

ÁRBITROS	Contaxio por contacto persoa a persoa e por vía aérea (espazos de uso simultáneo / secuencial).	O persoal arbitral prepara o material para a competición (actas, marcadores manuais...)	<ul style="list-style-type: none"> – Usarán máscara en todo momento. – A montaxe da mesa do anotador debe permitir que anotador e auxiliar poidan manter a distancia de seguridade. – A mesa do anotador disporá de un dispensador de xel hidroalcohólico e papeleira con separación selectiva de residuos. – O material (mesas, cadeiras, marcadores...) debe ser desinfectado con anterioridade a chegada dos equipo arbitral e o remate do encontro.
STAFF	Contaxio por contacto usos secuencial	O staff revisa o material para axustar unha vez iniciado o quecemento.	<ul style="list-style-type: none"> – A pista, postes, rede, balóns, bandas e antenas, cadeira do árbitro, cadeiras bancadas, carros balóns e roupa debe ser desinfectada antes do inicio do quecemento.
STAFF DEPORTISTAS ÁRBITROS	Contaxio por contacto	Xogadores, técnicos ou árbitros intercambian material con persoas do público.	<ul style="list-style-type: none"> – Prohibición de lanzar, recoller ou intercambiar material co público.
ÁRBITROS	Contaxio por contacto e por vía aérea	Os árbitros revisan o material obligatorio, solicitan a documentación os equipos ou dan instrucións.	<ul style="list-style-type: none"> – Farán desinfección de mans tras manipular documentación ou material e pasar a seguinte documentación/material. – Usarán a máscara ata o inicio oficial do encontro. – Durante o encontro non se achegarán a menos de 1,5 metros de xogadores, staff dos equipos, organización, etc..., evitarán asubiar á cara destes e cando teñan que falar con outras persoas tentarán evitar facelo cara a cara e aumentarán a distancia de 1,5.

ANTES DA PRÁCTICA DEPORTIVA :

ÁRBITROS	Contaxio por contacto e por vía aérea	Sorteo oficial antes do xogo	<ul style="list-style-type: none"> – Modificación do sistema do sorteo: utilización da máscara por parte dos capitáns e manter a distancia de seguridade. – Os árbitros utilizarán o sistema de “man escondida”.
ÁRBITROS E DEPORTISTAS	Contaxio por contacto persoa a persoa e por vía aérea	Deportistas acta co resultado do sorteo antes do inicio do encontro.	<ul style="list-style-type: none"> – As firmas recóllense o final do encontro, desinfectando o bolígrafo entre un e outro uso. – O árbitro lee os capitáns as anotacións na acta antes do inicio do encontro sendo validada a información polos capitáns verbalmente.
DEPORTISTAS ÁRBITROS	Contaxio por contacto persoa a persoa e por vía aérea	Saúdo inicial o público e entre equipos.	<ul style="list-style-type: none"> – Os árbitros e xogadores portarán a máscara en todo momento. – Saudarán dende o centro do seu campo levantando a man.

DURANTE A PRÁCTICA DEPORTIVA :

AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
STAFF DEPORTISTAS ÁRBITROS	Contaxio por vía aérea (espazo de uso simultáneo)	Xogadores e técnicos que se dirixen os árbitros para consultar interpretacións ou situacións de xogo legalmente permitidas.	<ul style="list-style-type: none"> – Prohibición de superar as raías do campo de xogo para dirixirse a persoal ou árbitros. – Manter como mínimo a distancia de seguridade interpersoal e evitar falar cara a cara. A poder ser incrementar esa distancia mínima de 1,5.
DEPORTISTA	Contaxio por contacto persoa a persoa	Celebracións	<ul style="list-style-type: none"> – Respetar distancia de seguridade. – Buscar formas alternativas sen contacto entre persoas.
DEPORTISTA	Contaxio por vía aérea (espazos de uso simultáneo/secuencial) e por persoa a persoa	Descanso nos intervalos e tempos mortos.	<ul style="list-style-type: none"> – Delimitar espazos para cada compoñente de maneira previa. – Avituallamento individualizado. – Elimínase a obriga do equipo local de dispor de augas para os equipos. – Respetar distancia mínima de seguridade. – Lavado de mans antes e despois do descanso.
STAFF	Contaxio por vía aérea	Conversas entre técnicos/xogadores para dirixir o encontro	<ul style="list-style-type: none"> – Manter a distancia de seguridade sempre que sexa posible. – Utilización da máscara durante o encontro. – Utilización de material individual (carpeta, pizarra...) – Únicamente o adestrador principal poderá retirar a máscara en momentos puntuais para dar instrucións aos deportistas que estean xogando en pista se fora imposible que o escoitaran coa máscara posta e nese caso deberá estar a máis distancia ca 1,5 metros e non dirixirse cara a cara aos deportistas. En ningún caso poderá quitar a

DURANTE A PRÁCTICA DEPORTIVA :

			máscara nos tempos mortos, nin para dirixirse aos deportistas que estean no banquiño, árbitros, mesas, etc
OUTROS ALLEOS	Contaxio por vía aérea	Observación da competición dende a grada polo público.	– Soamente poderán esperar na grada no caso de que o titular da instalación teña un protocolo (número de persoas permitido, control do acceso, uso de máscara...). De non ser o caso, non se permite agardar ou ver a competición dende as gradas.
STAFF E DEPORTISTA	Por contacto con material uso alerno.	Utilización do balón.	– Desinfección do balón segundo a normativa sanitaria actual antes e despois do encontro.
DEPORTISTA	Contaxio por contacto persoa / persoa	Situacións de xogo onde se da contacto ou non se pode manter a distancia de seguridade.	– Os xogadores utilizarán unha máscara durante todo o encontro. – Os xogadores terán que ter máscaras reserva por si se produce una rotura das mesmas. – Non se permite a manipulación ou retirada da mesma durante a competición (balón en xogo).
STAFF E DEPORTISTA	Por contacto con material uso alerno.	Balón que sae da zona de xogo de un grupo A e entra na zona de outro grupo B distinto nunha mesma pista.	– O balón non pode ser recollido polo segundo grupo B. – Será recollido por un membro do primeiro grupo A e desinfectará/lavará as mans e o balón antes de volver a ser utilizado no encontro. – Para recoller o balón, deberá manter obrigatoriamente a distancia de seguridade cos membros dos grupos A e B.
OUTROS ALLEOS	Contaxio por vía aérea (espazos de uso	Un pai/nai acude a recoller o seu fillo/a antes do final do encontro (ou	– Pedirase os pais/nais que si se vai a dar dita situación, avisen con anterioridade. – O pai/nai deberá usar máscara en todo momento.

DURANTE A PRÁCTICA DEPORTIVA :

	simultáneo/secuencial) e por persoa a persoa.	prodúcese unha lesión que non lle permite continuar)	<ul style="list-style-type: none"> – Non pode acceder a zoa de competición, debe esperar no perímetro e mantendo a distancia de seguridade. – O xogador/a será acompañado polo staff mantendo a distancia de seguridade.
STAFF DEPORTISTAS	Contaxio aéreo – espazos de usos simultáneo	Técnicos que están na bancada durante o encontro.	<ul style="list-style-type: none"> – Determinarase a asignación previa dos asentos para o seu uso, garantindo a distancia de seguridade +1,5 m – Disporán de un dispensador de xel desinfectante e papeleira con recollida selectiva de residuos en cada bancada. – Utilizarán máscara mentres non participen no encontro.
OUTROS ALLEOS	Contaxio por contacto persoa a persoa e por vía aérea (espazos de uso simultáneo / secuencial).	Estadistas, persoal sanitario, prensa e outro persoal preciso como mopeiros e recollebalóns fan o seguimento e tarefas durante o encontro	<ul style="list-style-type: none"> – Os seus postos deben dispor de xel hidroalcohólico, papeleiras con separación selectiva de residuos e estar dispostos de xeito que permitan manter a distancia de seguridade. – Elimínanse os recollebalóns.
STAFF DEPORTISTA ÁRBITROS	Contaxio por contacto	Xogadores, técnicos ou árbitros intercambian material con persoas do público	<ul style="list-style-type: none"> – Prohibición de lanzar, recoller ou intercambiar material co público.
OUTROS ALLEOS	Contaxio por contacto persoa a persoa e por vía aérea.	Zonas VIP e palcos presidenciais	<ul style="list-style-type: none"> – Seguirán o establecido polo titular da instalación en base á normativa vixente para este tipo de espazos. – Non terán acceso a zona de competición. – Marcar os asentos para evitar intercambios de sitio. – Distancia de seguridade.

DURANTE A PRÁCTICA DEPORTIVA :

			<ul style="list-style-type: none"> – Usar máscara en todo momento. – Dispor de xel para desinfección
OUTROS ALLEOS	Contaxio por vía aérea (espazos de uso simultáneo/secuencial) e por persoa a persoa.	Fisioterapeutas ou médicos que deben facer traballo de manipulación dos participantes.	<ul style="list-style-type: none"> – Tanto persoal sanitario como xogadores usarán a máscara. – Desinfección do material antes e despois da atención de cada persoa. – Lavado de mans por ambas partes antes de recibir/dar o tratamento. – Uso do equipos de protección individual necesario segundo se estableza nos protocolos do colectivo de fisioterapeutas, médicos, etc.. (luvas, máscara, bata, gafas, etc...) – Evitar o tratamento fisioterapéutico en sala sempre que sexa posible. – No caso de usar unha sala, ventilala de forma continuada e procurar que sexa exclusivamente para este uso. De non ser posible usala unicamente para tratamento de fisioterapia, desinfectar en profundidade no caso de cambiar de uso. – Desinfección da padiola e do material de fisioterapia despois de cada tratamento. – Uso de xel desinfectante antes e despois de cada tratamento tanto por parte do profesional de fisioterapia como do/a deportista.
STAFF E DEPORTISTA	Contaxio por vía aérea (espazos de uso simultáneo/secuencial)	Rotura da máscara	<ul style="list-style-type: none"> – Alonxarse a distancia de seguridade e cambiala máscara. – Deberán sempre ter recambios de máscara por se esto pasa.

DURANTE A PRÁCTICA DEPORTIVA :

STAFF E DEPORTISTA	Contaxio por vía aérea (espazos de uso simultáneo/secuencial)	Desprazamento da máscara	<ul style="list-style-type: none"> – Alonxarse a distancia de seguridade e cambiála máscara – Deberán sempre ter recambios de máscara por se isto pasa.
ÁRBITROS	Contaxio por vía aérea	Uso de silbatos por parte do arbitro	<ul style="list-style-type: none"> – Utilización de silbatos electrónicos ou outros sistemas de aviso. – Os árbitros usaran a máscara de principio a fin.
STAFF E DEPORTISTA OUTROS ALLEOS	Contaxio por vía aérea (espazos de uso simultáneo/secuencial) e por persoa a persoa.	Utilización de baños	<ul style="list-style-type: none"> – Primeiro atenderase ao establecido pola normativa en vigor e polo titular da instalación. – Usar máscara e manter sempre a distancia de seguridade interpersonal se interactúan varias persoas. – Respectarase as quendas de uso para cumprir cos aforos. – Farase lavado de máns ou uso de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír do baño.

DEPOIS DA PRÁCTICA DEPORTIVA:

AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
OUTROS ALLEOS	Contaxio por vía aérea (espazos de uso simultáneo/secuencial) e por persoa a persoa.	Interaccións entre pais ou pai/nai-adestrador ao finalizar.	<ul style="list-style-type: none"> – Uso de máscaras e respectar a distancia de seguridade. – Realizalas de xeito virtual en caso de ser necesarias prolongadas.
DEPORTISTA	Contaxio por contacto (material deportivo de uso simultáneo) e por persoa a persoa. NON	Intercambio de xoguetes, cromos, prestar o teléfono móbil etc	<ul style="list-style-type: none"> – Prohibición de levar ditos obxectos os encontros. – Informar ás familias por escrito sobre estas precaucións.
STAFF	Contaxio persoa a persoa ou por contacto (material de uso simultáneo).	Recollida de material utilizado na actividade por varios membros do grupo.	<ul style="list-style-type: none"> – Definir persoa que realiza a tarefa con antelación o inicio da actividade. – Facelo de forma individual preferentemente. De ser preciso varias persoas, deben manter as distancias de seguridade e de non ser posible, usar máscara. – Desinfección do material utilizado seguindo as indicacións de sanidade antes do gardado ou do uso por parte do seguinte grupo. – Limpeza das mans unha vez rematada a tarefa de recollida.
STAFF DEPORTISTAS ÁRBITROS OUTROS ALLEOS	Contaxio por contacto persoa a persoa e por vía aérea.	Cerimonias de premiación.	<ul style="list-style-type: none"> – Os trofeos/medallas estarán previamente desinfectados. – As autoridades non farán entregas directamente; os trofeos/medallas estarán en unha mesa onde o deportista o recolle directamente e fará a foto en

DEPOIS DA PRÁCTICA DEPORTIVA :

			<p>un sitio predefinido coa autoridade mantendo a distancia de seguridade.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Disporase o material de premiación de xeito que os deportistas o recollan persoalmente e sen manipular ningún outro material. – Tanto deportistas como autoridades terán unha distribución que permita manter as distancias de seguridade e as medidas hixiénicas establecidas polas autoridades. – Non se farán fotos oficiais de grupo, “de familia” ou outras que supoña non poder manter as distancias de seguridade.
<p>STAFF DEPORTISTAS ÁRBITROS OUTROS ALLEOS</p>	<p>Contaxio por contacto persoa a persoa e por vía aérea por uso simultáneo de superficie.</p>	<p>Remate do encontro e inicio do encontro seguinte.</p>	<ul style="list-style-type: none"> – Non terán acceso ningún participante do seguinte encontro ata que todos os participantes (xogadores/árbitros/staff e outros precisos) saian da zona de competición e se completen as tarefas de desinfección que este documento e a instalación establezan para a previa do inicio dun encontro.

COMUNICACIÓN E SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19 E INCIDENCIAS

Cada Club federado DESIGNARA un coordinador FISICOVID-DXTGALEGO e o comunicará á federación (correo@fgvb.es). As súas funcións serán:

- Implementación na súa entidade do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da FGVb e ser o interlocutor coa Federación Galega de Voleibol para a comunicación das incidencias. O obxectivo é desenvolver as actividades deportivas con seguridade e ter unha comunicación fluída entre todos os interlocutores na loita contra a COVID19.

Establécese o seguinte procedemento de comunicación das incidencias entre o club, a federación e a Secretaría Xeral para o Deporte, co obxectivo de poder apoiar ao club organizador da actividade na toma de decisións e de facilitar que flúa a información entre os axentes implicados (clubs, federacións e autoridades deportivas e sanitarias):

- No caso de que nun adestramento/competición se identifique que unha ou varias persoas teña sintomatoloxía COVID19, aplicarase o procedemento establecido no protocolo (COMUNICACIÓN E SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19) e a continuación, o COORDINADOR FISICOVID-DXTGALEGO designado pola entidade deberá contactar co seu interlocutor COVID19 da Federación para informar sobre a situación (Teléfono ou email).
- A federación deberá así mesmo informar á Secretaría Xeral para o Deporte sobre o acontecido (proceso de comunicación co SERGAS, probas realizadas, resultados, decisións do organizador do adestramento/competición sobre o desenvolvemento da actividade a partir do caso de sintomatoloxía COVID-19 (suspensión, continuidade da actividade, etc..).
- No caso de que o club sexa coñecedor de que existe un ou varios positivos entre axentes implicados na realidade deportiva da entidade, tamén se debe informar á federación e á Secretaría Xeral para o Deporte, seguindo o procedemento sinalado nos dous parágrafos anteriores.